

*PROGRAMACIÓN
ACTIVIDADES 2019*



COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO
SOCIAL DE GALICIA

Indice

1. DEFENSA DA PROFESIÓN	2
2. RELACIÓNS EXTERNAS.....	5
3. RELACIÓNS COA COLEXIACIÓN	12
4. COMISIÓN DEONTOLÓXICA.....	14
5. XÉNERO E IGUALDADE	15
6. AREAS DE COÑECEMENTO	16
7. LABORAL – SERVIZO EMPREGO	23
8. ASESORÍA XURÍDICA.....	26
9. CELEBRACIÓNS	28
10. COMUNICACIÓN	29

1. DEFENSA DA PROFESIÓN

➤ **Xuntanza co Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.**

Reunímonos con Ildefonso de la Campa Montenegro Director Xeral de Maiores para falar das demandas recollidas coas compañeiras dos EVO; principalmente a supresión da casilla 'factores sociais' e a importancia de que os equipos de reforzo de nova creación teñan continuidade no tempo e se establezan de xeito permanente, xa que a demanda de valoración é continuada no tempo.

➤ **Reunión da Xunta de Goberno co director da Funga**

Reunímonos con Juan José Couce Prego novo Director da Funga co obxecto de transmitirle as inquiredanzas que nos manifestaron as compañeiras da Funga centradas principalmente na necesidade de contratación de mais persoal polo elevado volume de casos que están a atender, así como mellorar os sistemas de coordinación entre as distintas Administracións.

➤ **Reunión coa Xefa Territorial de Política Social.**

Reunímonos con M^a Francisca Gómez Santos Xefa Territorial, co obxectivo principal de que se dote de profesionais do traballo social á UTA da Risga da Coruña.

➤ **O COTSG alerta do deterioro dos Servizos Sociais Comunitarios nas catro provincias galegas.**

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG), pon de manifesto a precaria situación na que se atopan os servizos sociais comunitarios como porta de entrada ao sistema público.

Durante os últimos meses o COTSG contactou con traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios de distintas provincias. Nestas sesións ditas profesionais manifestaron o “grave deterioro” deste primeiro nivel de atención. Dito deterioro, interfere na calidade da atención ás persoas usuarias e na saúde laboral das e dos profesionais deste eido

+ info [neste enlace](#)

➤ **Cuestión parlamentaria, reposición praza de Traballo social no Centro de Saúde en Quiroga**

Preséntase unha reclamación o Centro de Saúde de Quiroga en relación á cobertura da praza de Traballador/a Social no Centro de saúde do Concello de Quiroga “*Con motivo do concurso de traslados no ano 2015, quedou vacante o posto de Traballadora Social no Centro de Saúde de Quiroga. Nestes momentos a traballadora social do concello está a realizar esa actividade cubrindo as necesidades que se dan na poboación*” o COTSG, atendendo á defensa do colectivo profesional que representa dirixese a vostedes segundo o Artigo 6º dos seus Estatutos no que se recolle que “*Serán fins esenciais do Colexio Oficial de Traballo Social a ordenación e representación da profesión no seu ámbito territorial, a **defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos das súas persoas colexiadas, todo isto sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional***”.

➤ **Presentación escrito Consellería de sanidade**

A Delegación da Asociación Española de Traballo Social e Saúde en Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, trala análise do borrador do novo modelo de atención Primaria de Saúde presentado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, achega as seguintes alegacións xa que, non responde ás novas esixencias en saúde nin aos retos da nosa realidade sociodemográfica.

Finalmente, desde a AETSYS e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia rexeitamos de xeito rotundo o borrador do novo Modelo de Atención Primaria, pola súa falta de concreción e o seu enfoque reduccionista fronte á necesidade dunha atención integral da poboación, acorde ás necesidades da realidade social imperante e pola ausencia de compromiso co traballo social sanitario, que se traduce na súa exclusión como categoría nas previsións de cobertura de prazas a curto e medio prazo. Concluindo, a nosa aportación a un novo modelo de AP, non é viable dende unha posición residual no sistema.

➤ **Alegacións ao novo modelo de primaria de saúde presentado xunto a asociación de Traballo social e saúde**

A Xunta de Goberno do COTSG, tras avaliar o borrador do novo modelo de atención primaria, cre que o documento é un “intento de desmobilización profesional”. Neste liña explican que o SERGAS “convocou uns grupos de traballo de colectivos profesionais e logo pechou o plan sen tempo suficiente para desenvolver unha redacción proveitosa e profesional”. Desde o COTSG cren que o modelo recollido no borrador é “superficial e inconcreto” e que non “afonda nun reforzamento real da atención primaria senón que é máis ben unha cuestión de maquillaxe”.

+ info [neste enlace](#)

➤ **Durante este ano chegaranse cartas ca obriga de colexiación a todas as Administracións e entidades**

Remisión as diferentes Administracións, entidades ou empresas da obrigatoriedade da colexiación para o exercicio profesional.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia queremos recordar, ás administracións públicas e organizacións privadas, á obrigatoriedade de estar colexiado/a para o exercicio profesional do Traballo Social en todo territorio nacional.

Así, dende o Consello Xeral do Traballo Social envían recordatorio a todas entidades para que o teñan en conta á hora de exercer a contratación, co asinamento e visto e prace na totalidade de colexios de Traballo social a nivel estatal e co obxecto de que revisen que se está a cumprir esta obrigatoriedade nos/as profesionais contratados/as.

➤ **Alegacións ao programa das “Xornadas Renda Básica: o novo programa social necesario”, organizadas polo Concello de A Coruña**

2. RELACIÓNS EXTERNAS

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

➤ **Participación no Consello Galego de Benestar Social**

Durante este ano participouse en tres reunións do Consello:

A primeira delas versou principalmente sobre o análise e aprobación do novo Decreto da Risga, nesta ademais das demandas que xa presentamos por escrito, manifestamos a necesidade de reforzo dos equipos das UTA con profesionais cualificados dotando de Traballo social todas as unidades.

A segunda delas tiña como tema central a unificación da lexislación en vigor de familia nun único decreto. Nela o COTSG manifestou a necesidade de mellora de coordinación e unificación de criterios dos equipos do menor de todas as provincias así como o desenvolvemento de plans formativos que cualifiquen ao persoal dos equipos que, en todo caso, deberá sempre contar coa presenza das/os Traballadoras/es sociais

Por último, convocouse unha reunión co gallo do incremento das contías da libranzas da Dependencia, na que se aproveitou para resaltar as eivas que os servizos de SAF teñen na actualidade e a necesidade de reforzo deste recurso imprescindible así como da regulación e control dos prezos á alza das residencias privadas e necesidade de ampliación dos recursos públicos

En todas as reunións as que se asistiu o COTSG reclamou a creación de Mesas permanentes de traballo e control por áreas.

➤ **Asistencia ao I Congreso Galego de persoas con cancro doentes e familias.**

No evento participa como relatora a traballadora social da unidade de coidados paliativos EOXI-CHUVI (xefa de servizo), na mesa de diálogo "*Coidando ás persoas: como podemos estar máis preto do paciente con cancro e a súa familia*".

+ info [nesta ligazón](#)

- **Participación na actividade formativa do Consello Xeral sobre a *Intervención en Emerxencias*, en Aragón.**

A Tesoureira da Xunta de Goberno, desprazouse a Aragón para participar nesta actividade. É o quinto ano consecutivo, no que o Consello Xeral participa no simulacro de nivel 3 organizado pola Unidade Militar de Emerxencias (UME). Este ano o exercicio, no que participan máis de 3.000 persoas tanto da UME como dos diferentes servizos especializados locais, autonómicos e estatais.



- **Participación na *1ª Reunión Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das conductas suicidas*.**
- **Asistencia á valoración do actual Plan de Prevención de Suicidio en Galicia, así como as propostas de prevención neste eido**
- **Participación nos Consellos Locais de Saúde e Inclusión Social do Concello de A Coruña**

O COTSG participou na constitución do Consello Local de Inclusión Social, órgano consultivo que o Concello da Coruña puxo en marcha o 15 de maio, xunto coas entidades da cidade vinculadas ao ámbito da inclusión e outros colexios profesionais e organizacións sindicais. Este novo órgano colaborará no deseño de políticas municipais de inclusión social.

+ info [neste enlace](#)

- **Sinatura do Convenio de Colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade sobre a *Quenda de garda social en intervención en emerxencia para mulleres e fill@s que sofren violencia de xénero*.**

A presidenta do COTSG Miriam Rodríguez e o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, asinan un convenio para por en marcha a Quenda de garda social permanente para mulleres vítimas de violencia, os seus fillos e fillas menores e as persoas dependentes que teñan a cargo.

Dita quenda pioneira ten como obxectivo unha intervención especializada e inmediata desde o traballo social para as vítimas de violencia machista. O protocolo poderá ser activado na situación de urxencia nos diferentes escenarios (sede policial, xudicial, domicilio etc.), as 24 horas do día, os 365 días do ano en todos os partidos xudiciais de Galicia.



- **Convite á Sinatura do “Acordo de Consellería de Sanidade e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para desenvolver medidas previstas no pacto de estado contra a violencia de xénero” .**
- **Gala de Celebración da XII Edición dos Premios Solidarios ONCE Galicia.**

Recoñecen a labor solidaria de varias entidades



RELACIÓNS INTERCOLEXIAIS

➤ Xuntanza do COTSG co Colexio de Educación social mais Psicoloxía.

Na Xuntanza acordouse reforzar a coordinación dos equipos multidisciplinares, xa que, as nosas figuras profesionais son imprescindibles para ofrecer unha atención integral a persoas usuarias, así como a atención de toda a casuística que as rodea.

Alén diso, considerouse reactivar o espazo “Dialoga” entre os tres colexios, xa creado hai uns anos para seguir tecendo redes e obxectivos comúns.



➤ A presidenta do Consello Xeral do Traballo Social Emiliana Vicente, reuniuse coa Xunta de Goberno no COTSG.

A presidenta do Consello Xeral de Traballo Social, Emiliana Vicente aproveitou a súa visita a Santiago para reunirse coa Xunta de Goberno. Tamén gravou este vídeo para a colexiación no que fala de achegar o CGTS aos colexios territoriais, dos proxectos do Consello, do compromiso

coa especialidade do traballo social sanitario e OLLO: ao final do vídeo unha sorpresa moi especial para as traballadoras e traballadores sociais de Galicia.



Olla o vídeo [nesta ligazón](#)

- **Participación na mesa redonda do acto de Gradación do alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela.**

A Xunta de goberno acudiu o acto de gradación de Traballo social en Santiago de Compostela intervindo a todas as persoas e familiares presentes unha visión global do Traballo social.



- **Asistencia de aos premio estatais de Traballo Social en San Sebastián**

A entrega dos premios foi en Donostia en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Gipuzkoa. No mesmo día celebrouse o Día Mundial do Traballo Social e a asemblea do CGTS.

RELACIÓNS COAS UNIVERSIDADES

- **Participación da EUTS e do alumnado no Día mundial de Traballo Social, organizado polo COTSG.**

A profesora e investigadora da EUTS, Lorena Añón e parte do alumnado que desenvolveu a exposición dos mapas corporais no noso Día Mundial do Traballo Social explicando esta particular maneira de mellorar as ferramentas, ou buscar outras novas, para unha intervención máis efectiva.



- **Participación das Actividades do Día Mundial do Traballo Social na Universidade de Traballo social de Ourense**
- **As compañeiras de exercicio libre da profesión acudiron á celebracións do día Mundial con obxecto de partillar a súa experiencia profesional co alumnado**

➤ **Presentación sobre o funcionamento do COTSG na Facultade de Traballo social en Ourense.**

A Vicepresidenta do COTSG mais a Técnica de emprego impartiron unha formación nas Xornadas de Traballo social, poñendo en valor todo o labor do Colexio de Traballo social de Galicia en prol da promoción e defensa da profesión, explorando as saídas profesionais, e incluíndo a novidade do exercicio libre. Con elas exploraron os múltiples ámbitos e posibilidades do traballo social



➤ **Colaboración con Patrocinio las Heras.**

O COTSG colabora coa Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS) de Santiago de Compostela, na conferencia *“O Traballo Social protagonista en 30 anos do Plan Concertado de Prestacións Básicas dos Servizos Sociais das corporacións locais”*, a cargo de Patrocinio de las Heras Pinilla.

Seguido de Patrocinio de las Heras, Antía Sobrino, vicepresidenta da Xunta de Goberno do COTSG, expón como traballadora social de SS.SS comunitarios en área urbana, o funcionamento do servizo e as dificultades para poder realizar unha intervención social de calidade. Por



outra banda, Mar Iglesia, traballadora social do Concello da Pastoriza, expón unha visión rural dos SS.SS comunitarios facendo así unha comparativa entre os recursos e dificultades entre as zonas urbanas e as rurais.

O día antes, na universidade de Ourense, Patrocinio participou nunha actividade similar coa conferencia *“Actualidade e futuro do Traballo social desde a nosa mirada histórica profesional”*.

➤ **Asistencia á II Feira de Emprego da UNED.**

As técnicas de emprego e formación do COTSG acudiron a II Feira de Emprego da UNED en A Coruña, ademais de impartir unha charla de presentación sobre o Colexio Oficial de Traballo Social.



➤ **Participación no II Seminario Internacional de Servizo Social. Perspectivas cruzadas sobre a investigación do servizo social en contextos escolares, en Portugal.**

A vogalía de formación mais unha compañeiro integrante do grupo de traballo social na educación do COTSG, foron convidados pola Rede Internacional de Servizo Social na Educación, a participar no seu segundo seminario que se celebrou na cidade portuguesa de Vila Real. (Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro)

O convite veu da man de Francisco Aguiar da EUTS de Ourense, co que compartiron relatorio unificando o mundo académico co mundo laboral baixo a perspectiva común de recuperar ou instaurar a figura da traballadora social no sistema educativo.

+ info [neste enlace](#)

➤ **Participación no Comité Consultivo da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela**

Na sede da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela o día 20 de decembro de 2019 celebrouse a reunión para a constitución do Comité Consultivo da EUTS de Santiago, no que está representado O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia a través da súa presidenta.

O Comité Consultivo constitúese para que axude ao centro a conseguir os seguintes obxectivos:

Debater as tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora do centro.

Canalizar á sociedade información sobre o centro e facer que teña máis proxección no seu entorno.

Prestar asesoramento na elaboración e implantación do plan estratéxico do centro.

➤ **Participación na mesa redonda no Patronato de Concepción Arenal Ponte, Ferrol.**

O COTSG asiste como institución á xonada arredor da figura de Concepción Arenal Ponte e como esta influíu no desenvolvemento de Traballo social. Alén diso, se conmemoraron os 113 anos da entidade.



3. RELACIÓNS COA COLEXIACIÓN

- **Xuntanza dos/as Traballadoras/es Sociais do Exercicio Libre:** da que posteriormente saíu o grupo de exercicio libre que funciona na actualidade e na que coñecemos a realidade destas profesionais así como as súas inxerencias
- **Xuntanza dos/as Traballadoras/es Sociais da Funga:** coas que posteriormente elevamos demandas ao director e coñecemos a realidade laboral á que se enfrontan diariamente

- **Xuntanza dos/as Traballadoras/es Sociais da Área de Xustiza/Imelga: coas que recollemos novos nichos de mercado que pasaremos a reclamar nos vindeiros meses**
- **Xuntanza dos/as Traballadoras/es Sociais Coordinadores de Saf: das que posteriormente saíu un grupo de traballo que se atopa activo na actualidade na demanda de mellora das condicións laborais**
- **Xuntanza dos/as Traballadoras/es Sociais na Educación: das que posteriormente saíu o grupo de traballo en educación que se atopa actualmente traballando na visualización deste profesional e na reclamación da creación**
- **Xuntanza das/os Traballadoras/es Sociais de SS.SS Comunitarios e profesionais do Terceiro Sector (Ourense, A Coruña, Pontevedra e Lugo).**

Xuntanzas nas catro provincias para facilitar a participación das profesionais dos SS.SS Comunitarios, así como para recoller ideas, demandas, proxectos ou calquera outras aportacións que desexen realizar

Estas xuntanzas responden á necesidade que manifestan as distintas persoas colexiadas a que o Colexio se achegue na medida do posible ás persoas Colexiadas.

Tratamos de poder desenvolver traballo de xeito descentralizado para facilitar a participación e seguiremos tendo este tipo de actividades no futuro.

- **Encontro aberto de persoal temporal convocado por CNT**

O COTSG acude a unha xuntanza con organizacións sindicais para interesarse pola situación do persoal das administracións públicas non fixos afectado polos procesos de funcionarización e consolidación. A finalidade da asistencia e procurar información para a colexiación que se atope nesta situación, así como, recadar información para a creación dun posible mapa con todas as problemáticas recibidas.

GRUPOS DE TRABALLO

Actualmente temos en funcionamento varios grupos de traballo conformados por profesionais que, dentro da súa dispoñibilidade, tratan de realizar accións de defensa e visualización da profesión. Cada un deles ten varias liñas abertas de traballo na actualidade con proxectos moi interesantes, dos que iredes tendo novas nos vindeiros meses a través do Fio e notas de prensa.

O seu traballo tamén facilita as demandas que posteriormente presenta o Colexio perante as Administracións públicas e que van encamiñadas a garantir uns sistemas de servizos sociais públicos e de calidade.

Tamén traballan na procura de novos nichos de mercado e exploran saídas profesionais.

A participación dos grupos é libre e voluntaria, e calquera persoa colexiada pódese adherir aos mesmos.

- Traballo social Sanitario (2)
- SS.SS Comunitarios e SAF
- Traballo social e Educación
- Exercicio libre (1)
- Traballo social e xénero (1)
- SAF (2)

4. COMISIÓN DEONTOLÓXICA

Posta en marcha do grupo de Traballo de formalización da Comisión Deontolóxica, emisión de dictámenes sobre expedientes concretos de supostos incumprimentos Deontolóxicos.

Elaboración de regulamento de funcionamento da Comisión, deseño de accións formativas vinculadas a contidos e praxis de ética e deontoloxía profesional.

5. XÉNERO E IGUALDADE

- **Grupo de traballo social e xénero**
- **Asistencia ás Actividades en conmemoración do Día da Muller e do día internacional de Traballo social na EUTS.**

Entrega do primeiro premio de creación artística vencellada ao traballo social.

- **Asistencia ao acto “Pedindo Paso”**

Acto de visibilización de mulleres profesionais en Santiago de Compostela.

- **O COTSG secundou a folga do 8 de marzo e asistiu á manifestación rexional.**



Dende o COTSG queremos impulsar a unión entre o traballo social e o feminismo implicándonos en distintos actos de visualización e participación, entre eles as manifestacións efectuadas cada mes de Marzo.

- **Participación na mesa redonda no Patronato de Concepción Arenal Ponte, Ferrol.**

O COTSG asiste como institución á xonada arredor da figura de Concepción Arenal Ponte e como esta influíu no desenvolvemento de Traballo social. Alén diso, se conmemoraron os 113 anos da entidade.



- Participación na presentación do estudo **“El impacto de la Violencia de Género en España: una valoración y sus costes”**.

Presentado pola Delegación do Goberno de A Coruña.

6. AREAS DE COÑECEMENTO

FORMACIÓN



1. Teleformación

TEMÁTICA DOS CURSOS	MODALIDADE	HORAS	REALIZACIÓN
Incorporación da mirada de xénero na saúde e dependencia desde o T.Social	Teleformación	30	Realizado
O exercicio libre: unha oportunidade para a profesión	Teleformación	50	En realización
Intervención sociocomunitaria con persoas con Discapacidade	Teleformación	50	Realizado
Intervención social en Centros de Atención a Maiores en Situación de Dependencia	Teleformación	100	En realización

2. Formación estratéxica

TEMÁTICA DOS CURSOS	MODALIDADE	HORAS	ESTADO
Experto/a en Promoción e Orientación laboral con colectivos en risco de exclusión social	Semipresencial	100	Realizado
Desenvolvemento de liderado, Habilidades Directivas e Xestión de Equipos de Intervención Social	Semipresencial	75	Realizado
Traballo Social e Demencias	Semipresencial	60	En realización
Lingua de Signos Española para T. Sociais	Presencial	20	Cancelado


3. Formación Convenida e/ou en colaboración

TEMÁTICA DOS CURSOS	MODALIDADE	HORAS	ESTADO
Especialización en atención integral a mulleres vítimas de violencia de xénero	Semipresencial	105	En realización
Saúde e Xénero para profesionais sanitarios	Semipresencial	--	Pdte.
Obradoiro "Dinamización do cooperativismo"	Presencial	20	Programado
Obradoiro "Achegándonos ao conflito"	Presencial	20	Programado

4. Xornadas

TEMÁTICA DAS XORNADAS	HORAS	LUGAR	ESTADO
Reglamento Europeo de Protección de Datos e Nova Lei Orgánica: Abordaxe desde o Traballo Social	3,5	Santiago de Compostela	Realizada
Master-class A BUSCA DE EMPREGO NO MERCADO LABORAL DA SOCIEDADE DIXITAL	4	Santiago de Compostela	Realizada
Xornada Bono Social Eléctrico	3	Santiago de Compostela	Realizada
Obradoiro 'E ti, coñeces a fórmula?'	3	Santiago de Compostela	Realizada
Pílula formativa [Exercicio Libre]	3	Santiago de Compostela	Realizada

En cifras:



❖ Vindeiras accións formativas:

- Bullying ou acoso escolar, intervención desde o T.Social
- Responsabilidade Social de Xénero
- Peritaxe Social
- Intervención social na atención a persoas refuxiadas (Vigo, Lugo e A Coruña)
- Traballo Social en Cooperación ao Desenvolvemento
- Obradoiro “Achegándonos ao conflito”
- Saúde e Xénero para profesionais sanitarios
- Mediación
- Traballo Social no Sistema Xudicial. A Atención aos Menores.
- Intervención social con colectivos LGTB
- Instrumentos do T.Social na xestión Administrativa: SIUSS, HSUE, Informe Social
- Traballo Social en Urgencias e Grandes Emerxencias
- Traballo Social nos Coidados Paliativos
- Prostitución e trata de persoas
- Obradoiro Resolución de Casos Práctico

– PREMIOS DIA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL



Recoñecer, premiar e divulgar traballos de investigación e boas prácticas relacionadas coa disciplina do Traballo Social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CATEGORÍAS


- Investigación [1000€]
- Boas Prácticas [1000€]
- TFG-TFM [300€]



Outras actividades formativas:

- Realización da **Enquisa sobre Necesidades Formativas da Colexión** | 288 colexiados/as participantes.
- Publicación de **250 accións formativas externas** ao COTSG
- Deseño e aprobación do **Regulamento de Bolsas de Formación**.
- Deseño e aprobación do **Regulamento de Quenda de Garda social**.

– PUBLICACIÓNS DO COTSG



S	LIMAR	Páx.	7
U	1. Relatos de mulleres inmigrantes musulmás: Análise do proceso migratorio e través das súas propias subxectividadeas. Jennifer Sardiñ Vivero	Páx.	9
M	2. Por un medio rural habitado e habitable. Centro de desenvolvemento rural "O Viso". Edesio Díaz González	Páx.	41
A	3. Traballo social en alzhéimer e outras demencias neurodegenerativas. Ana María Agís Muñío, Argelia Espasandín González, Carmen Fernández Grandío, Lucía Pandiño Viqueira, Lucía Ruasova Domínguez, María Teresa Castro Gamallo, Manuel Carballedo López, Carmen Patricia Gómez Lamas, Romina Ferral García	Páx.	61
R	4. Crise e precarización da vida. Sobre a descomposición do estado de benestar. Pepe Arlós Taboada	Páx.	71
I	5. Funcións e tarefas do/a profesional do traballo social nun servizo de atención primaria de saúde: análise, valoración e propostas de mellora da praxe en traballo social. Cristina Pereiro Francisco	Páx.	95
O	PREMIOS DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL 2018		
	Modalidade Boas Prácticas:		
	• cibRespect, cultivando un paisaxe distal de respecto. Sargy Durán, Natalia Saeiro e Sandra García	Páx.	123
	Modalidade TFG:		
	• Anunciando e denunciando a construción de cidadanía dende o Traballo Social. Unha proposta para o diálogo. Laura Alonso González	Páx.	143

FERVENZAS

En maio de 2019
o COTSG
edita o nº 21
de Fervenzas.

Xaneiro – Xuño. Remate da Fase III da elaboración: Revisión Fervenzas

- Envío dos textos definitivos preparados no 2018 a Política Lingüística para revisión do galego.
- Recepción dos textos revisados e conformidade.
- Envío a imprenta
- Revisión de textos en fase de maquetación.
- Validación previa a impresión
- Impresión da revista en formato papel e publicación na web en formato pdf. (en proceso)

Maio: Convocatoria para cobertura de vacante na Mesa de Redacción (en proceso)

REPRESENTACIÓN DO COTSG EN MESAS DE DEBATE

➤ **Participación no Faladoiro da Campaña “Fagamos RISGA un verdadeiro dereito”.**

O COTSG participou no faladoiro "RISGA, da esmola ao dereito", enmarcado nas actividades da campaña "Fagamos da RISGA un verdadeiro dereito".

Nesta xuntanza, contaron coas intervencións de profesionais que explicaron de primeira man a realidade da situación da RISGA, desde as vivencias das perceptoras e das profesionais encargadas da súa tramitación e xestión.

- **Convite ás Conferencias do programa Elaine da UE en Graz e no Concello de Catoira.**

O COTSG participa en Elaine, un proxecto que contribúe a mellorar as condicións para a integración de persoas refuxiadas e migrantes a nivel europeo e local. Alén diso, A vogal de Xunta de Goberno Silvia Sanjurjo, participará nas conferencias "Dimensións de xénero na integración de inmigrantes e refuxiados" como poñente da mesa "A *acollida ás persoas migrantes nos servizos sociais comunitarios*" no Concello de Catoira.

- +info na [WEB do COTSG](#)

- **Asistencia á Reunión Xeral da mesa do Programa Sen Teito en Santiago de Compostela.**

O COTSG participa nunha mesa periódica de Sen Teito en Santiago de Compostela para o tratamento de aspectos da xestión interna das/os profesionais.

- **Xornada "Construíndo Comunidades Sustentables e inclusivas" promovido pola Asociación de Pacientes do CHUS.**
- **Xuntanza, organizada polo Colexio Oficial de Médicos de Galicia, para o análise e deterioro e carencias dos servizos integrais da área sanitaria Santiago-Barbanza.**

No Salón de Actos do Colexio Oficial de Médicos de Santiago de Compostela, representantes de nove asociacións de pacientes e usuarios e de colexios profesionais, entre os que se atopa o COTSG, presentar o informe elaborado conxuntamente e no que analizan o deterioro e carencias dos servizos integrais de rehabilitación da área sanitaria de Santiago-Barbanza dos que depende as 448.000 persoas que viven nos 46 concellos que a conforman.

O COTSG participou na elaboración desa declaración, no relativo á "Intervención do Traballo Social na Atención Temperá.

- + info [nesta ligazón](#)

- **Participación no Seminario de consulta sobre o “Plan de atención ás Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023”.**

O COTSG participou, xunto con outras entidades, para a consulta no proceso de elaboración do “Plan de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023” organizado pola Consellería de Política Social.

Presentación das liñas estratéxicas e obxectivos do Plan; reflexión sobre o contexto do Senfogarismo en Galicia; debate sobre as medidas clave do Plan e como levalas a cabo desde un punto de vista operativo e, finalmente, debater e expor ideas acerca dos diferentes aspectos da gobernanza.

- **Presentación das Guías de Escleroses Múltiple (FEGADEM)**

O COTSG participou na elaboración da Guía de FEGADEM.

Consulta a guía [nesta ligazón](#).

- **Participación no “Taller Diagnóstico Social” do Consello Xeral.**



O Consello Xeral de Traballo social organiza en Madrid un “Taller Diagnóstico social” para todos os colexios estatais. Os obxectivos do taller son elaborar e aprobar a terminoloxía e criterios comúns a utilizar polo traballo social nos seus xuízos diagnósticos. Sobre Modelo de diagnóstico social do traballo social e Categorías diagnósticas do traballo social.

- **Participación nas alegacións ao borrador de Proxecto de lei estatal sobre violencia infantil e mediación.**

7. LABORAL – SERVIZO EMPREGO

– **ORIENTACIÓN LABORAL**

É un servizo de asesoramento ás persoas colexiadas (desempregadas ou empregadas) en función da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional para favorecer o acceso ao emprego ou a mellora laboral.

As persoas que demandan este servizo pódense dividir en dous grupos principalmente. Por unha banda, o grupo máis numeroso, formado polas persoas colexiadas recién tituladas que queren saber as alternativas que poden barallar ao graduarse en Traballo Social. Por outra banda, as persoas que perderon o seu posto de traballo ou queren cambiar de emprego e precisan orientación para coñecer como está o mercado de traballo e poder adaptar as súas aptitudes á situación actual.

De xaneiro a maio de 2019 leváronse a cabo 45 citas presenciais de orientación laboral na sede do COTSG (cunha media de 2 citas/semana), concertadas mediante cita previa.

CITAS PRESENCIAIS / MES xan-mai 2019					
Total	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai
45	8	14	14	3	6

En relación á elaboración e actualizacións de currículums vitae, no que vai de ano revisáronse 49.

En canto ás consultas sobre cuestións laborais ou de emprego, respostáronse 393 (unha media de 5/día). As canles de comunicación máis utilizadas fóron o teléfono, con máis do

50%, o correo electrónico co 30% e un 10% de persoas que se achegan ao Colexio de xeito presencial. Cabe salientar que a canle menos utilizada é a páxina web (5 consultas).

Se temos en conta a temática, as máis repetitivas son o emprego público (convocatorias, bases, procedementos, concursos, academias, etc), o exercicio libre (Quenda de Violencia de Xénero, emisión de facturas, fiscalidade...), os roles non exclusivos do traballo social (docencia, educación familiar, mediación, peritaxe...), novos nichos de emprego, etc.

CONSULTAS / MES xan-mai 2019					
Total	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai
393	46	51	69	99	128

– OFERTAS DE EMPREGO

Nestes 5 primeiros meses do ano colgáronse na páxina web un total de 311 actualizacións na sección de laboral distribuídas do seguinte xeito:

- 307 ofertas de emprego: 138 de traballador/a social (45%) e 169 non exclusivas do TS como son os postos de traballo relacionados con educación familiar, docencia, orientación laboral, etc. (55%). En canto á xestión, 6 ofertas desenvolvéronse directamente, é dicir, enviáronse os CV ao Colexio e fixemos unha preselección en función dos criterios facilitados polas entidades solicitantes.
- 4 licitacións relacionadas coa xestión de servizos sociais: axuda no fogar, formación, prazas de centro de día e residencia, etc.

Todos os venres, as ofertas envíanse por correo electrónico no Fío semanal, cunha media de 13 ofertas por exemplar.

– **LISTAXES**

Durante o presente ano revisouse a normativa das listaxes do Colexio para adaptalas ás necesidades reais que se nos presentan no COTSG.

1. Listaxe de Peritos/as Sociais

Ao abeiro da Lei de Axuizamento Civil, no mes de xaneiro enviáronse 251 cartas aos Xulgados de Galicia coa Listaxe de persoas colexiadas, distribuídas por provincias, dispostas a realizar informes periciais a instancia destes organismos.

2. Listaxe de Tribunais

Houbo 6 peticións de Concellos solicitando persoal técnico para formar parte de tribunais de selección en prazas de traballo social. Nomeáronse 7 colexiados/as titulares e 8 suplentes nos Concellos de Barbadás, Tomiño (2), Cambados (2) e Noia.

3. Listaxe de Expertos/as en Servizos Sociais

Actualización da lista nova. Solicitouse a colaboración por eidos para traballar en diferentes alegacións.

4. Listaxe de Profesionais Independentes

Houbo 1 chamamentos para traballar en exercicio libre (zona Santiago).

5. Listaxe de Docentes

Actualización da lista nova. No que vai de ano tivemos 5 solicitudes.

– **CREACIÓN DE EMPRESAS - EMPRENDE COTSG**

Emprende COTSG é un Proxecto en prol da mellora da empregabilidade dos e das traballadores/as sociais: apoio personalizado para fomentar o emprendemento, pímulas de formación para o emprego, etc. Neste ano organizouse 1 Pímula sobre Exercicio Libre.

Desde xaneiro a maio de 2019 asesoráronse 6 proxectos empresariais, distribuídos do seguinte xeito en función do eido de dedicación:

- 3 proxectos de consultoría social
- 2 proxectos de axuda no fogar

- 1 proxecto de residencia.

Cabe salientar que a maioría dos proxectos de empresa están formados por unha soa persona obtando por autónomo/a como forma xurídica.

– **RECLAMACIÓN A CONCELLOS**

Neste período enviáronse 28 escritos de reclamación:

- O 85% das reclamacións fóron de bases de procesos selectivos a diferentes Concellos: O Vicedo, Rivadeo, Rois, Guitiriz, A Estrada, Soutomaior, Rairiz de Veiga, Poio, Noia, Taboada, Cariño, San Sadurniño, OBarco de Valdeorras, Agolada, etc.. Entre a Tipoloxía das reclamacións destacan: *prazos*, temarios, intrusismo profesional, restriccións de acceso a traballadores/as sociais, linguaxe non inclusiva, etc.
- O 15% das reclamación fóron de cobertura de prazas no SERGAS e en Concellos como Ourense, Viveiro, Lugo, etc.

– **COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES**

Todos os anos a EUTS de Santiago e a Facultade de Traballo Social de Ourense solicitan a participación da Axente de Emprego en obradoiros de formación para o alumnado:

- O CV e carta de presentación - 2 obradoiros na sede do COTSG para o alumnado da EUTS
- Presentación COTSG e precolexiación – EUTS
- Saídas Profesionais en Traballo Social – Ourense
- Orientación laboral e continuidade de estudos – EUTS

8. ASESORÍA XURÍDICA

Asesoramento xurídico ao Colexio Oficial de Traballo Social:

- Contratos: revisión de cláusulas sociais, sobre os cursos de formación, de confidencialidade, sobre subvencións, software informático, etc.
- Recursos Administrativos en procedementos de acceso á función pública

- Presentación de Denuncias ante a Subdirección Xeral De Autorización e Inspección de Servicios Sociais
- Informe xurídico situación da xerencia
- Elaboración de temario e realización de curso sobre Tribunais de Oposición
- Escritos de recomendación a Concellos: Contabilizar e ter en conta os cursos de formación impartidos polo COTS, inclusión da titulación de TS nas bases da convocatoria, exclusión de méritos alleos á profesión, respecto aos principios reitores do acceso á función pública de igualdade, mérito e capacidade.
- Asesoramento Comisión Deontolóxica
- Informe xurídico situación da xerencia do COTS
- Informe Xurídico sobre a obriga de formular as Contas Anuais e as responsabilidades derivadas do seu incumprimento; sobre a competencia para a aprobación das contas anuais e sobre a responsabilidade derivada da ausencia de contabilidade.

Procedementos Sancionadores do COTS:

- Informe xurídico sobre a **obligatoriedade da Colexición**
- Escritos/Alertas fronte a **amortización de prazas de Traballador/a Social**
- Funcionamento dos **Grupos de Traballo**

Contido máis frecuente das consultas realizadas:

Condições laborais (funcións, salario, complementos, antigüidade, horario, etc.)

Protección de Datos

Procedementos de acceso á Función Pública - Promoción Interna

Convocatorias dos Procedementos Selectivos

Situacións de Excedencia voluntaria/forzosa

Procedementos xudiciais

Incapacitación xudicial

Situación de maltrato a usuarias

Situación de maltrato por parte de usuarias

Compatibilidade laboral

Obrigatoriedade Colexiación

Ingresos Involuntarios

Procedementos de estabilización e consolidación do emprego público

Responsable do contrato

Expedientes disciplinarios

Denuncias penais a Traballadoras Sociais

Subrogación empresarial

Modificación substancial condicións de traballo

Acordos de confidencialidade e segredo profesional

web → 281

Presenciais na sede Colexial → 15

Telefónicas → 240 (aprox.)

9. CELEBRACIÓNS

➤ DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL

O lema foi “Promovendo as relacións humanas” e, baixo ese marco, desde o COTSG promoveron e visibilizaron o feminismo, motivo polo cal, os relatorios vertebraron sobre este eixo.



10. COMUNICACIÓN

➤ Notas de prensa

Desde o departamento de Comunicación enviáronse 5 notas de prensa entre xaneiro e xuño de 2019. O ideal é que a institución sexa capaz de producir unha nota de prensa ao mes para ser emisor activo de información e non só unha fonte pasiva.

- Nota de prensa na que o Colexio alerta sobre a situación do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambados

Consulta a nota [nesta ligazón](#)

- Nota de prensa do Colexio sobre as xornadas do Día Mundial do Traballo Social

Consulta a nota [nesta ligazón](#)

- Nota de prensa sobre o desacordo do Colexio co novo modelo de atención primaria

Consulta a nota [nesta ligazón](#)

- Nota de prensa sobre o deterioro dos Servizos Sociais Comunitarios nas catro provincias galegas

Consulta a nota [nesta ligazón](#)

- Nota de prensa sobre a Quenda de Intervención Social en emerxencia para mulleres e crianzas e dependentes en situación de violencia machista

Consulta a nota [nesta ligazón](#)

Do mesmo xeito, o Colexio actuou de fonte activa con medios de comunicación concretos para difundir cuestións concretas como o programa CoidarNos, os mapas corporais da EUTS ou o apoio aos profesionais dos EVOs.

➤ Aparición en medios

25 aparicións de xaneiro a xuño de 2019 en medios como:

Sermos Galiza

Praza Pública
La Voz de Galicia
Faro de Vigo
Diario de Arousa
Cadena Ser Galicia
Radio Galega
TVG
GaliciaPress
EuropaPress
Radio Voz
La Opinión Coruña
20 minutos
Compostela 24h

- Todas as aparicións en medios poden consultarse na sección COTSG en medios da web [nesta ligazón](#)

Los profesionales critican los servicios sociales de Cambados

El Colexio de Traballo Social afirma que la falta de trabajadores está afectando a los ciudadanos

O traballo social desde unha perspectiva feminista o Día Mundial do Traballador Social

Redacción | Miércoles, 28 de Marzo de 2019, 14:32

...
ARCHIVADO EN | Traballo Social | Traballo Social | Traballo Social | Traballo Social | Traballo Social

iscar **europa press**

El Colexio Oficial de Traballo Social ve "superficial" e "inconcreto" el borrador del nuevo modelo de Atención Primaria



➤ Blog do COTSG

O Blog é un espazo para reflexións da colexiación e entrevistas a docentes. Entradas do 2019 ata xuño:

- [Escolas do século XIX, mestres do século XX e alumnos do século XXI](#)
- [X. Alberte Cea: No sector do traballo social hai moitas posibilidades de innovación](#)
- [Non é cidade para pobres – Pablo Antelo](#)
- [M. Veloso: É importante ter sempre presente que as e os profesionais intervimos na vida de outros... e ese outro poderías ser ti](#)
- [O reto dos catro científicos – Sara Torreiro](#)
- [L. Andaluz: Abordar a dignidade e a autonomía como concepto clave na atención a doentes ao final da vida, cun sufrimento físico e emocional insoportable é a función principal dos equipos de saúde](#)
- [R. Álvarez: Emprender baixo a cooperativa ábreche as portas a tomar as rendas da túa vida](#)
- [D. Bóveda: A traballadora social é a interlocutora entre os diferentes axentes sociais implicados na intervención cos estranxeiros](#)

Todas estas entradas difundíronse no facebook do colexio e tiveron unha boa resposta interaccional. Debe proseguirse n aliña de entrevistar e/ou visibilizar no blog temas de interese para a profesión: sanitario, paliativos, xénero, lgtbi, libre exercicio, emerxencias, etc

➤ Resumos mensuais

Desde o departamento de Comunicación elabórase un resumo mensual no que queda constancia das actividades desenvoltas polo equipo de persoas traballadoras do COTSG e pola Xunta de Goberno. Dito resumo envíase no fío semanal de fin de mes.

- [Resumo febreiro](#)
 - [Resumo marzo](#)
 - [Resumo abril](#)
 - [Resumo maio](#)
-
- **Mailchimp**
 - Elaboración e envío do mailchimp semanal
 - Envío de cuestións concretas de formación e emprego durante a semana
 - **Facebook**
 - Difusión de novas autoreferencias e non autoreferenciais pero de interese para a colexiación
 - Elaboración de creacións e campañas específicas para datas concretas
 - Edición de vídeo e audio para adaptalo a esta rede social
 - Campañas concretas para datas específicas como o 8 de maio ou o Día Mundial do Traballo Social
 - O engagement do facebook do colexio é moi bo
 - **Twitter**
 - Rede social en decaemento. Na actualidade actualízase con menos frecuencia que facebook
 - **Instagram**
 - Rede social en auxe cun claro target de persoas mozas que se poñerá a andar a mediados de xuño

 - **Fío semanal**

O departamento de Comunicación coordina, xunto cos demais departamentos, o envío dun fío semanal á colexiación no que se recolle información e novas relacionadas coa entidade e de interese para a profesión e as novidades de formación e emprego.



Maio 2019

Este boletín contén información relevante relacionada co **traballo social**. A recompilación de noticias e os comentarios foron realizados polo COTSG.

Comunicado do COTSG en relación ao estado dos Servizos Sociais Comunitarios

- O **Colexio** enviou un comunicado aos medios alertando do deterioro dos servizos sociais comunitarios nas provincias galegas.
- Podes acceder ao contido [nesta liazón](#)

Video de Emiliana Vicente, presidenta do CGTS con algunha sorpresa para Galicia

Podes velo [nesta liazón](#)

O COTSG participa en Elaine, un proxecto que contribúe a mellorar as condicións para a integración de refuxiados e migrantes a nivel europeo e local

- A compañeira Silvia Sanjuán participará nas conferencias "Dimensións do xénero na integración de inmigrantes e refuxiados" como ponente da mesa "A acollida ás persoas migrantes nos servizos sociais comunitarios".

Consulta todo [nesta liazón](#)

O CGTS organiza a I Escola de Verán: compartindo **Traballo Social**

Podes consultar programa e inscribirte [nesta liazón](#)

Laboral

- OPE 2019 – Concello de Carballo
- Traballadoría **SOCS** – Concello de Noia
- Monitoría de ocio e tempo libre – Vigo
- Preparadoría Laboral – Vigo
- Traballadoría **SOCS** – Orense
- Traballadoría **SOCS** SAF – Sarriego
- Traballadoría **SOCS** – Marleu
- Traballadoría **SOCS** SAF – Irún
- Traballadoría **SOCS** – Torrelío
- Selección de promotoras de envellecemento activo – Concello de Ourense
- Axudas a concellos para a contratación de traballadoras sociais ...
- Deputación de Pontevedra
- Traballadoría **SOCS** – Zairañoza
- Traballadoría **SOCS** – Madrid
- Traballadoría **SOCS** – Dublín

Para calquera dúbida contáctate con nós en info@traballosocial.gal

Formación COTSG



ÚLTIMO DÍA!!!
CURSO COTSG
Consulta toda a info [aquí](#)

REPORTE SOCIAL DE MESES
CHARLA COTSG
Consulta toda a info [aquí](#)

ÚLTIMO DÍA!!!
CHARLA COTSG
Consulta toda a info [aquí](#)

REPORTE SOCIAL DE MESES
CURSO COTSG
Consulta toda a info [aquí](#)

Consulta todo no [nosro web](#)

Formación Externa

- Retos de atención aos síntomas psicolóxicos e conductuais nas demandas ...
- Conferencia: "Os meconos ante as novas tecnoloxías, beneficios e riscos" ...
- A Conflita
- Claves para o tratamento das AVDBs das persoas con demanda en domicilio desde a T.O. – En líña
- Como crear e xestionar a miña asociación – En líña

Consulta o resto de Formación Externa